



- (Falan) Eu seina doutra maneira

A Virgen María  
San José tamén  
iban camiñando  
de cara a Belén.

Son amantes firmes  
que polos camiños  
íbanse falando  
con ghrandes cariños,

palabriñas santas  
dinas d´adorar:  
din qu´a Belén queren  
con día cheghar.

Foron camiñando  
moi logho encontraron  
con un pasaxeiro  
a quen preghuntaron

se cara a Belén  
no hai camiño dereito,  
que lle contestaron  
con moi pouco xeito:

“¿A dónde camiña,  
quisiera saber,  
un home de noite  
con unha muller?”

“Si porque é bonita  
non hai outra ighual...”